

## Actualizacións de ARouSA:

\* 01/03/2012

Versión 12.0

- \* Nova interface. Aplicación accesible dende o escritorio.
- \* Instalación con Install\_ARouSA.exe.
- \* Implementación do cálculo de N óptimo nas avaliacións de stock. Ver Optimización\_mostraxes\_axuda.pdf.
- \* Corrección de erro na información de número de individuos d ecada especie nas planillas de frecuencia. Non afecta aos cálculos.
- \* Modificación no cálculo de stock con transectos. Como está deseñado para poboacións de baixa densidade. Non aplica transformación logarítmica para o cálculo do intervalo de confianza (Elliot, 1977).
- \* Corrección de erro no cálculo dos graos de liberdade para a estimación dos límites de confianza en mostraxes estratificadas.
- \* Corrección de erro na descrición do parámetro ts do modelo de crecemento estacional no manual. Non afecta aos cálculos.
- \* Corrección de erro na inclusión de coordenadas do punto medio na exportación para interpolación de resultados de mostraxes con transectos.

\* 07/09/11

Ampliada a capacidade da planilla de control de tamaños. Agora permite datos de tamaño de ata 1000 exemplares.

\* 30/06/11

Versión 11.1

Rematada a adaptación da ferramenta para poder executala en EXCEL 2007. Os arquivos que nas versión anteriores se gardaban en formato html, nesta nova versión para excel 2003 e 2007 gárdanse en formato xls. Non se aceptan arquivos.xlsx

Ampliada a ferramenta "Transectos" para posibilitar a análise parcial con mostraxes realizadas con transectos non rectilíneos (ou arrastres). Os datos han de adaptarse ós formatos dos arquivos "Datos\_planilla\_ind\_a.xls" para datos de tamaños individuais e "Datos\_planilla\_frec\_a.xls" para datos de frecuencias por clases de tamaño.

Finalizada a opción de exportación de resultados para interpolación na análise parcial coa ferramenta "Transectos".

Creación da ferramenta "Lonxitude" para o cálculo de lonxitude e das coordenadas do punto medio de transectos non rectilíneos.

Creación da ferramenta "Combinada" para a análise parcial combinando datos de mostraxes realizadas combinando transectos e estacións puntuais.

Creación da ferramenta "Clasificadas" para o control de tamaños de capturas despois da súa clasificación en categorías.

Creación da ferramenta "Nivel Mareal Equivalente" para o cálculo do nivel mareal dun punto a partir do tempo que permanece emerxido ou sumerxido e a corrección dos resultados da ferramenta "Cota" en áreas coa carreira de marea distorsionada.

Creación da ferramenta "Granulometría" para a descrición dos sedimentos a partir dos datos resultantes de análises granulométricas.

Implementada a posibilidade de executar ARouSA dende calquera unidade de disco, non só dende C:/. Sen embargo, recoméndase non executar a ferramenta dende unidades USB porque se poden xerar erros irreparables en arquivos.

Correxido erro en "Cota". Non terminaba os cálculos cando unha das medicións se realizaba xusto no momento equidistante entre a preamar e a baixamar.

En "Análise parcial" permítese continuar cos cálculos inda que existan exemplares que sobrepasen o tamaño máximo procesable derivado das 40 clases de

tamaño establecidas pola definición da clase inicial e os rangos de clase por parte do usuario.

\* 22/07/10  
Versión 10.2

Creación da ferramenta "Transectos" para a análise parcial de stocks a partir de mostras tomadas empregando transectos.

Creación das utilidades de xeración e recuperación de respaldos e de sincronización de catálogos de ecuacións de crecemento.

Implementación da posibilidade de empregar calquera clase de tamaño e rango de clases na avaliación de stocks.

Implementación da posibilidade de introducir relacións potencial no catálogo tamaño-peso.

Melloras na inserción de números decimais e datas na ferramenta "Tamaño-peso"

\*28/05/10  
Versión 10.2 beta. (Obradoiro AT2010)

Ampliado o ancho de certas columnas dos modelos de arquivos de datos

Corrixido erro de representación de valores de taxa de mortalidade na presentación de resultados (os cálculos e a saída do informe eran correctos)

Reorganización das ferramentas de avaliación de stock na presentación da aplicación.

Corrixido erro derivado da introdución dun único estrato na área de "datos da mostraxe" das planillas de datos

Creación das utilidades de xeración e recuperación de respaldos e de sincronización de catálogos de tamaño - peso.

-----  
\* 22/02/10  
Versión 10.1. Implementación da ferramenta "Superficie" que permite calcular a superficie dun polígono irregular (banco ou parque) a partir das coordenadas UTM dos seus vértices.

\* 28/01/10  
Corrección lingüísticas dos manuais para a súa publicación pola Consellería do Mar.

\* 29/09/09  
Corrección de erros na ferramenta específica "Cota" e inclusión nos informes de resultados e gráficos da análise completa, da superficie das mostras empregada en cada un dos estratos nos casos en que esta é diferente

\* Mellora da documentación de axuda

\* Desenrolo da ferramenta específica de proxectos "Cota" para o programa SIGREMAR

\* Desenrolo da ferramenta de actualización de versións

\* Desenrolo da ferramenta complementaria de cálculo de mortalidades

\* Xuño, 2009 (Tralo curso EGAP-200906)

Engadiuse o Catálogo de ecuacións de crecemento, non habilitado nas versións dos cursos anteriores

\* Maio, 2009 (Tralo curso EGAP-200905)

Engadiuse na folla -Mostraxes- dos modelos de datos de frecuencias e de tamaños individuais, unha zona para insertar notas (máximo 573 caracteres con espazos).

Correxíuse un erro no informe impreso de regresións tamaño-peso.

Nas instrucións de instalación da ferramenta (documento de axuda "ARouSA - Introducción") non se indicaba que entre os complementos de Excel, ademais das ferramentas de análise, deben estar instaladas as ferramentas de análise -VBA. En caso contrario, algunha función de ARouSA, como o cálculo de regresións, non funcionará.

\* Marzo, 2009 (Tralo curso AOG\_2009):

Implementouse a posibilidade de introducir ecuacións de crecemento estacional na ferramenta complementaria -Evolución de poboacións-. E se solventaron devirsos erros detectados na ferramenta complementaria de cálculo de tamaño - peso